

BASES PARA A ADXUDICACIÓN DE DÚAS BOLSAS DE ESTUDO PARA A OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO GROVE DURANTE O 2011

1.- Os bolseiros/as deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ser español/a ou nacional dun país membro da Unión Europea, residente en España, preferiblemente na provincia de Pontevedra
- Estar en posesión do Título de Diplomado/a en Turismo ou Ciclo Superior de Información e Comercialización Turística ou equivalente, no momento da convocatoria da selección. A devandita titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2002 ou con posterioridade a esta data.
- Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais deberán ser validados ou recoñecidos.

2.- Os bolseiros/as elixidos para realizar as prácticas na Oficina Municipal de Información Turística do Grove non xerarán ningunha relación laboral ou administrativa co Concello nin tampouco a inclusión na Seguridade Social.

3.- O importe das bolsas de estudos será de 990 euros mensuais cada unha.

4.- O período para a realización das prácticas terá lugar durante o presente ano 2011.

O horario fixarase polo Concello do Grove de acordo coas necesidades do posto, podendo variar segundo sexa temporada de verán ou de inverno. O número total de horas semanais será de 33, incluíndo sábados, domingos e festivos.

5.- As persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación no Rexistro Xeral do Concello:

- Solicitude (segundo o modelo do Anexo I), dirixida ao Sr. alcalde, para tomar parte na selección de bolseiros para a oficina de información turística. Deberán enumerar na solicitude tódolos documentos que aportan.
- Fotocopia do D.N.I. compulsada.
- Fotocopia compulsada do título: "Diplomado/a en Turismo" ou "Técnico Superior en Información e Comercialización Turística".
- Diplomas que posúan por realización de cursos especializados de idiomas ou outros relacionados co turismo, compulsados.
- Certificacións de prácticas de información turística realizadas (no caso de telas feitas)

6.- A selección dos bolseiros efectuarase mediante valoración dos méritos acreditados polos interesados segundo o seguinte baremo:

Méritos académicos - ata un máximo de 10 puntos

1. Expediente académico dos Diplomados en Turismo, tendo en conta a nota media:
matrícula de honra = 5 puntos, Sobresaínte = 4 puntos, notable = 3 puntos, ben = 2 puntos, aprobado = 1 punto.
2. Expediente académico para os Técnicos Superiores de Información e Comercialización Turística, tendo en conta a nota media:
matrícula de honra = 2,5 puntos, Sobresaínte = 2 puntos, notable = 1,5 puntos, ben = 1 punto, aprobado = 0,5 puntos.
3. Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en Centros Oficiais, Universidades, Colexios Oficiais ou Escolas de Administración Pública relacionadas coas materias obxecto desta convocatoria - ata un máximo de 2 puntos.
4. Máster ou Postgrao (relacionado co sector turístico) 1 punto.

Duración/horas	Puntos
100 ou máis horas	0,25 puntos
De 60 a 99 horas	0,20 puntos
De 30 a 59 horas	0,15 puntos
De 10 a 29 horas	0,10 puntos
9 ou menos horas	0,05 puntos

Duración/créditos	Puntos
10 ou máis créditos	0,25 puntos
De 6 a 9 créditos	0,20 puntos
De 3 a 5 créditos	0,15 puntos
De 1 a 5 créditos	0,10 puntos

5. No suposto de que non se acredite a duración dos cursos, serán valorados a razón de 0,05puntos.
6. Coñecemento de idiomas: ata un máximo de 2,50 puntos e serán computables un máximo de dous idiomas, a razón dun máximo de 1,25 puntos cada idioma.

-No caso de que os cursos de idiomas sexan valorados polo número de horas, aplicárase o baremo dos cursos.

-No caso de que os cursos de idiomas sexan dunha Escola Oficial o baremo será o seguinte:

- Nivel Básico 0,75 puntos
- Nivel Medio 1,00 punto
- Nivel Avanzado 1,25 puntos

7. Coñecemento acreditado do idioma galego: ata o máximo de 0,50 puntos (no caso de ter varios cursos terase en conta só o de maior puntuación):

- Iniciación ou Celga 3 0,25 puntos
- Curso perfeccionamento ou Celga 4 0,50 puntos

Experiencia acreditada - ata un máximo de 2 puntos

- 0,5 puntos por cada 6 meses de experiencia acreditada no sector turístico.

Non serán tidas en conta as solicitudes que non se acollan a estas bases.

7.- O prazo para a presentación das solicitudes rematará o **5 de marzo de 2011**.

8.- A Comisión de Valoración (que estará constituída polo concelleiro de Turismo, un representante do Comité de Empresa, un técnico do Padroado de Turismo Rías Baixas e un funcionario que actuará como secretario) reunirase o **11 de marzo ás 10.00 horas** na Sala de Xuntas da Casa do Concello para valorar a documentación presentada.

9.- A Comisión de Valoración propoñerá os aspirantes que resulten elixidos para adxudicar as bolsas de turismo.

10.- Os bolseiros/as seleccionados levarán uniforme, no caso de ser requirido polo Concello, co obxecto de unificar a imaxe de todos os bolseiros das oficinas de información da provincia.

11.- As bolsas financiaranse coa colaboración ao 50% do OOA Turismo Rías Baixas.

O Grove, 17 de febreiro de 2011

Jose A. Cacabelos Rico
Alcalde do Concello do Grove